

DOAZÓN DE SANGUE

POR QUE DOAR SANGUE?

- O corpo humano ten unha determinada cantidade de sangue, necesaria para que os órganos funcionen dunha maneira adecuada. Unha perda repentina dun gran volume de sangue, como no caso de hemorraxias internas ou externas, xa sexa por un accidente, unha operación cirúrxica complicada, durante ou despois do parto, grandes queimaduras, fortes traumatismos... Provocan a necesidade dunha rápida transfusión para restablecer o volume corporal de sangue e que os órganos internos non deixen de funcionar.

- A pesar dos grandes avances que se produciron nas últimas décadas no campo da medicina, aínda non se conseguiu fabricar sangue. Polo que a única maneira que teñen as institucións sanitarias de obtelo é mediante a doazón.

- Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), nove de cada dez persoas van precisar unha transfusión de sangue ao longo da súa vida.

- A demanda do abastecemento de sangue é continuo nos hospitais e, polo tanto, tamén a necesidade de doazón do mesmo.

- En Galicia precísanse entre 400 e 500 doazóns diarias para cubrir as necesidades dos nosos hospitais.

- É un proceso sinxelo e indoloro, que require tan só duns minutos e que non reporta ningún risco para o doante.

- É un gran acto de altruísmo, xenerosidade e empatía coa sociedade.

- En calquera momento da túa vida, o beneficiado dese gran acto de altruísmo, xenerosidade e empatía podes ser ti.

PODO DOAR SANGUE?

Si podes doar sangue se tes entre 18 e 65 anos (ata os 70 co informe anual favorable do teu médico), pesas mais de 50 quilos e tes boa saúde. Os homes poden doar ata catro veces ao ano e as mulleres tres, deixando pasar entre doazón e doazón un mínimo de dous meses. Se estiveches en contacto con alguén que tivo o covid pero tes as pautas completas de vacinación e non tes síntomas, tamén podes doar. E se tiveches o covid, debes esperar 7 días para poder doar desde o final dos síntomas, ou 14 se estes foron severos. E se estás tomando medicación, pregúntalle ao médico da unidade móbil de doazón de sangue ou no número de teléfono: 900 100 828

Non podes doar sangue se padeciches, padeces ou es portador crónico de enfermidades que se podan transmitir polo sangue. Tampouco podes ser doante se padeces enfermidades graves (corazón, ril, pulmón, cancro...) ou crónicas (epilepsia, asma grave, diabete insulín dependente...)

QUERO DOAR SANGUE

Podes doar sangue nos locais permanentes de doazón que temos nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol, ou nas unidades móbiles que se desprazan durante a semana, de luns a sábado, a máis de 50 concellos da xeografía galega.

POR QUE DOAR?

DOAR SANGUE É
SEGURO

QUE PODO
DOAR?

PODO DOAR?

Podo doar
sangue? 

QUERO DOAR

Locais de doazón

